



## SUMARIO

### I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Notificación a Milagros Diz Barrio sobre o expediente 2024/7282Z.....3

### III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

Corrección de erros na publicación da acta provincial de actualización na aplicación do acordo do expediente AGA 51/23 do convenio colectivo de transporte de viaxeiros da provincia de Ourense, publicado no BOP núm. 111, do 10 de xuño de 2024 .....4

### IV. ENTIDADES LOCAIS

#### CONCELLO DE BOBORÁS

Exposición pública da Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica da explotación bar-cafetería da piscina municipal .....8

#### CONCELLO DE COLES

Exposición pública do imposto sobre bens inmobles para o exercicio 2024; e prazo de cobranza en período voluntario .....9

#### CONCELLO DE LOBIOS

Aprobación definitiva da lista dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria excepcional de varias prazas vacantes, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal; e nomeamento do Tribunal .....10

#### CONCELLO DE MANZANEDA

Exposición pública da Conta xeral do exercicio 2023 .....16

#### CONCELLO DE MELÓN

Exposición pública da Conta xeral correspondente ao exercicio 2023 .....17

#### CONCELLO DE MONTEDERRAMO

Exposición pública da Conta xeral correspondente ao exercicio 2023 .....18

#### CONCELLO DE PORQUEIRA

Exposición pública da Conta xeral correspondente ao exercicio 2023 .....19





## CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

Convocatoria e bases de selección para a contratación de 1 auxiliar de axuda no fogar, persoal laboral temporal, por concurso-oposición.....20

## CONCELLO DE TOÉN

Aprobación definitiva do expediente de modificación orzamentaria, de crédito extraordinario e suplemento de crédito n.º 1/2024.....21

## CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

Delegación das competencias do alcalde nun concelleiro para celebrar un matrimonio civil .....23



## I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

*NOTIFICACIÓN A MILAGROS DIZ BARRIO SOBRE O EXPEDIENTE 2024/7282Z*

Para cumprir co establecido nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e ao non poder realizar a notificación persoal do acto que se dirá, conforme o establecido no artigo 44 da mencionada lei, por medio do presente anuncio notificanse os actos que se relacionan:

- Interesada: Milagros Diz Barrio.

- Expediente: 2024/7282Z.

- Acto que se notifica: “Con data da sinatura electrónica do 10 de maio de 2024, a Deputación Provincial de Ourense, conforme ao establecido no informe da Sección de Residuos e Enerxía, en relación co escrito emitido por Milagros Diz Barrio o día 2 de maio de 2024 con número de anotación 2024020049, en que se solicita a retirada dos contedores da fracción vidro localizados na contorna da súa vivenda, notifica o seguinte:

Que a Deputación Provincial de Ourense non presta o servizo de recollida de residuos de competencia local da fracción vidro no municipio de Xunqueira de Ambía”.

Dependencia na que se pode consultar o contido íntegro do acto notificado: Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense, rúa O Progreso, número 32, 2.º piso, 32003, Ourense.

Prazo para consultar o texto íntegro do acto notificado: 15 días hábiles, que contarán a partir do seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado (BOE)

Advírtese que, no caso de non comparecer a interesada nas oficinas provinciais para a consulta do texto íntegro da notificación, no prazo indicado, terase por notificado no citado acto, e continuarase a tramitación do expediente.

Ourense, 6 de xuño de 2024. O deputado delegado da Área de Medio Ambiente e Enerxía.

Asdo.: José María Lago Cabo.

**R. 1.534**



## III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

### CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

*CORRECCIÓN DE ERROS NA PUBLICACIÓN DA ACTA PROVINCIAL DE ACTUALIZACIÓN NA APLICACIÓN DO ACORDO DO EXPEDIENTE AGA 51/23 DO CONVENIO COLECTIVO DE TRANSPORTE DE VIAXEIROS DA PROVINCIA DE OURENSE, PUBLICADO NO BOP NÚM. 111, DO 10 DE XUÑO DE 2024*

Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social  
Ourense

Logo de advertirse un erro na publicación da acta provincial de actualización na aplicación do acordo do expediente AGA 51/23 do convenio colectivo de transporte de viaxeiros da provincia de Ourense, publicado inicialmente no BOP núm. 111, do 10 de xuño de 2024, publícase este de xeito íntegro e inclúense as táboas salariais para o ano 2024.

Convenio ou acordo: transporte de viaxeiros por estrada

Expediente: 32/01/0018/2024

Data: 22/05/2024

Asunto: Resolución de inscrición e publicación

Destinatario: Ignacio Eugenio Bouzada Gil

Código de convenio número: 32000315011984

Unha vez visto o texto da acta provincial de actualización na aplicación do acordo do expediente AGA 51/23 - convenio colectivo de transporte de viaxeiros da provincia de Ourense, que subscribiu o día 09/04/2024, a comisión negociadora conformada pola parte empresarial (TRANSGACAR, FEGABUS, FEGATRAVI e Asociación provincial de transporte de viaxeros por carretera de Ourense) e pola representación das persoas traballadoras (centrais sindicais: CCOO, UXT e CIG), e de conformidade co que dispón o artigo 90.2 e 3 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, o Real decreto 2412/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, polo Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Esta dirección territorial, resolve:

Primeiro. Ordenar a súa inscrición e depósito no Rexistro de convenios colectivos, acordos colectivos de traballo e plans de Igualdade da Comunidade Autónoma de Galicia e notificación á representación empresarial e social da comisión negociadora.



Segundo. Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O/a director/a territorial. Por SL (Decreto 123/2022, do 23 de xuño de 2022, art.62.3). A xefa de Servizo de Coordinación Administrativa e Xestión Económica.

Asdo.: Sofía Rodríguez Rodríguez.

## **Acta provincial de actualización na aplicación do acordo do exp.: AGA 51/23 - convenio colectivo de transporte de viaxeiros da provincia de Ourense**

En Santiago, o día 9 de abril de 2024, ás 11.00 horas, réunese na sede do Consello Galego de Relacións Laborais a comisión representativa da mesa negociadora do convenio colectivo do sector do transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Ourense, coa asistencia das seguintes persoas, as cales se recoñecen lexitimación mutua para este acto.

Representación sindical

- José Manuel Conde Fernández (UXT)
- Amador González Pumar (CCOO)
- Xesús María Pastoriza Santamarina (CIG)

Representación empresarial

- José Carlos García Cumplido (TRANSGACAR)
- Eugenio Geijo Carril (FEGABUS)
- Manuel Maneiro López (Asociación provincial de transporte de viaxeros por carretera de Ourense)
- Fernando Javier de Bidegain García (FEGATRAVI)

Tras varias deliberacións adóptanse os seguintes acordos:

Primeiro. Realizar a aplicación salarial para o ano 2024 segundo o acordado no expediente do AGA 51/23, que se expresa nas táboas salariais anexas á presente acta cunha suba do 3,1% respecto das táboas definitivas de 2023.

Segundo. Se a suma do conxunto das retribucións salariais previstas para algún ou algúns dos postos de traballo ou categorías recollidas nas táboas salariais do convenio colectivo resulta inferior ao importe establecido para o SMI, ambos en cómputo anual, dará lugar ao abono dun complemento que será equivalente á diferenza entre o importe do SMI que se fixe para cada ano e as retribucións salariais brutas aboadas no mesmo ano. Este complemento denominarase “Complemento a SMI” e será abonado mensualmente en canto se coñeza a diferenza ao comezo de cada ano. O dito complemento terá carácter absorbible e compensable coa finalidade de axustar o devandito complemento ás retribucións salariais brutas anuais das táboas salariais en relación ao SMI.

Terceiro. O dito acordo será trasladado ao texto final do convenio provincial unha vez acadado un acordo final na mesa de negociación da provincia.

Cuarto. Acórdase facultar ao Consello galego de relacións laborais para que, na persoa que eles designen, leven a cabo o rexistro e publicación no Boletín Oficial da Provincia do presente acordo.



Ao non ter máis asuntos que tratar, levántase a reunión sendo as 15 horas do día sinalado no encabezamento, e asinan as persoas asistentes en proba de conformidade.

<b>Viaxeiros Ourense - Táboas 2024 (acordo autonómico Exp.: AGA 51-23)</b>				
Aplicables dende o 1 de xaneiro de 2024				
Subida 3,1%				
			Salario base	Gratificación actividade
<b>Grupo I</b>		Xefatura de servizo	1.382,58 €	5,82 €
<b>Persoal superior e técnico</b>		Persoal enxeñeiro/a e licenciado/a	1.357,67 €	5,82 €
		Persoal enxeñeiro/a técnico/a e aux. titulado/a	1.269,04 €	5,82 €
		ATS	1.269,04 €	5,82 €
		Xefatura de sección	1.016,44 €	5,82 €
		Xefatura de negociado	1.012,50 €	5,82 €
		Oficial/a de 1. <sup>a</sup>	1.008,20 €	5,82 €
		Oficial/a de 2. <sup>a</sup>	981,86 €	5,82 €
		Auxiliar administrativo/a	987,66 €	5,82 €
		Aspirante	987,66 €	5,82 €
<b>Grupo III</b>		Xefatura de estación 1. <sup>a</sup>	1.016,46 €	5,82 €
<b>Persoal de movemento</b>		Xefatura de estación 2. <sup>a</sup>	1.002,77 €	5,82 €
		Xefatura de administración 1. <sup>a</sup>	1.016,44 €	5,82 €
		Xefatura de administración en ruta	1.008,20 €	5,82 €
		Persoal empregado despacho billetes	1.002,74 €	5,82 €
		Factor	1.002,74 €	5,82 €
<b>Grupo IV</b>		Xefatura de tráfico de 1. <sup>a</sup>	1.016,46 €	5,82 €
<b>Transporte de viaxeiros en autobuses e microbuses</b>		Xefatura de tráfico de 2. <sup>a</sup>	1.016,46 €	5,82 €
		Xefatura de tráfico de 3. <sup>a</sup>	1.002,75 €	5,82 €
		Persoal inspector/a (salario diario)	32,85 €	5,82 €
		Persoal condutor/a – chofer (salario diario)	32,85 €	5,82 €
		Persoal condutor/a – perceptor (salario diario)	32,85 €	5,82 €
		Persoal cobrador/a (salario diario)	32,85 €	5,82 €
<b>Grupo V</b>		Xefatura de taller	1.016,63 €	5,82 €
<b>Persoal de servizos de talleres e auxiliares</b>		Encargado/a contramestre	1.003,14 €	5,82 €
		Encargado/a xeral	1.003,14 €	5,82 €





	Encargado/a almacén	1.003,14 €	5,82 €
	Xefatura de equipo (salario diario)	33,13 €	5,82 €
	Auxiliar en ruta (salario diario)	26,37 €	5,82 €
	Oficial/a de 1.ª (salario diario)	33,13 €	5,82 €
	Oficial/a de 2.ª (salario diario)	32,82 €	5,82 €
	Oficial/a de 3.ª (salario diario)	32,15 €	5,82 €
	Persoal condutor/a mecánico (salario diario)	33,30 €	5,82 €
	Mozo/a de taller (salario diario)	31,98 €	5,82 €
<b>Grupo VI</b>	Cobrador/a de facturas	969,59 €	5,82 €
<b>Persoal subalterno</b>	Telefonista	969,59 €	5,82 €
	Porteiro/a	969,59 €	5,82 €
	Vixiante	969,59 €	5,82 €
	Persoal de limpeza	969,59 €	5,82 €
<b>Outros conceptos</b>	Axuda de custo servizos regulares, regulares especiais e liñas:	40,03 €	
	Detalle:		
	Comida	13,34 €	
	Cea	12,30 €	
	Pernoctación	14,37 €	
	Axuda de custo servizos discrecionais:		
	Axuda de custo completa para todo o territorio español e Portugal	51,36 €	
	Detalle: :		
	Comida	15,40 €	
	Cea	15,40 €	
	Pernoctación	20,55 €	
	Axuda de custo completa estranxeiro, excepto Portugal	71,91 €	
	Gratificación polo transporte de correos	0,49 €	

R. 1.606



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE BOBORÁS

*EXPOSICIÓN PÚBLICA DA MEMORIA RELATIVA AOS ASPECTOS SOCIAL, XURÍDICO, TÉCNICO E FINANCEIRO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA DA EXPLOTACIÓN BAR-CAFETERÍA DA PISCINA MUNICIPAL*

Unha vez aprobada inicialmente a Memoria relativa aos aspectos social, xurídico, técnico e financeiro da actividade económica de explotación bar-cafetería piscina municipal, por Acordo do Pleno do 30 de maio de 2024, de conformidade co artigo 97 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local., sométese a información pública polo prazo de trinta días naturais, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se consideren oportunas.

Durante o devandito prazo, poderá ser examinado por calquera interesado/a, nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se consideren pertinentes. Así mesmo, estará ao dispor dos/as interesados/as na sede electrónica deste concello [endereço:

<https://boboras.sedelectronica.gal>].

Boborás, 31 de maio de 2024. A alcaldesa.

Asdo.: Ana Patricia Torres Madureira.

**R. 1.479**



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE COLES

*EXPOSICIÓN PÚBLICA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES PARA O EXERCICIO 2024; E PRAZO DE COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO*

Notificación colectiva de anuncio de cobranza do imposto sobre bens inmobles do 2024 en período voluntario.

Do 31 de maio de 2024 ao 31 de xullo de 2024, ambos inclusive, o Servizo de Recadación do Concello de Coles porá ao cobro en período voluntario, segundo os artigos 68 e 69 do Regulamento xeral de recadación e 12 da Lei reguladora de facendas locais, o imposto sobre bens inmobles para o exercicio 2024. Para isto, enviarase ao domicilio do contribuínte un tríptico ou documento de pago co que se poderá facer efectivo o importe correspondente en calquera das oficinas que a entidade Abanca teña abertas no territorio nacional. No caso de que algún contribuínte non recibise o expresado tríptico poderá solicitar un duplicado e ao mesmo tempo deberá corrixir os posibles datos erróneos que orixinaron a súa falla de recepción.

Os contribuíntes que así o desexen tamén poderán efectuar o pagamento mediante tarxeta bancaria nas oficinas do Servizo de Recadación do Concello de Coles, sito en Vilarchao.

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, faise constar que se notifican colectivamente os respectivos recibos mediante a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, así como a través de edictos que o advirtan.

Unha vez rematado o período de cobro en voluntaria, aqueles contribuíntes que non efectuaran o pago, incorrerán en recarga de prema conforme ao artigo 28 da Lei 58/2003, xeral tributaria e os artigos 70 e 71 do Regulamento xeral de recadación.

Coles, 6 de maio de 2024. O alcalde.

Asdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

**R. 1.215**



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE LOBIOS

*APROBACIÓN DEFINITIVA DA LISTA DOS/AS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS DA CONVOCATORIA EXCEPCIONAL DE VARIAS PRAZAS VACANTES, NO MARCO DO PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL; E NOMEAMENTO DO TRIBUNAL*

Aprobación definitiva da lista dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as da convocatoria excepcional de varias prazas vacantes, no marco do proceso de estabilización de emprego temporal levado a cabo no Concello de Lobios; nomeamento do Tribunal

A Alcaldía do Concello de Lobios ditou a Resolución 2024-0337, o día 15/05/2024, co seguinte contido:

“A Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, ten por obxecto situar a taxa de temporalidade estrutural por baixo do 8% no conxunto das administracións públicas españolas, actuando a reforma en tres dimensións: adopción de medidas inmediatas para remediar a elevada temporalidade existente, articulación de medidas eficaces para previr e sancionar o abuso e a fraude na temporalidade a futuro e, por último, potenciación da adopción de ferramentas e unha cultura da planificación para unha mellor xestión dos recursos humanos.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Documento	Data/Núm.	Observacións
Providencia da Alcaldía	10/11/2022	
Informe de Secretaría	11/11/2022	
Bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización temporal	20/12/2022	
Resolución da Alcaldía que aproba a convocatoria e as bases	20/12/2022	
Anuncio BOP	26/12/2022	
Anuncio DOG	04/01/2023	
Anuncio no BOE	16/02/2023	

Unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes de admisión, o 17 de marzo de 2023.



Á vista das características das prazas vacantes obxecto da convocatoria:

Denominación da praza	Prazas	Categoría profesional
Peón/peoa de obras	1	Grupo IV
Auxiliar de xardinería	1	Grupo IV
Auxiliares de axuda no fogar	8	Grupo IV
Educador/a social	1	Grupo II
Axente de emprego e desenvolvemento local	1	GRUPO II
Arquitecto/a	1	GRUPO I
Auxiliar de biblioteca	1	GRUPO IV
Peón/peoa de limpeza	1	GRUPO IV
Chofer rozadoira	1	GRUPO IV
Socorrista	1	GRUPO IV

Unha vez vista a Resolución da Alcaldía núm. 356 do 17/04/2023, que aproba a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as

Unha vez vista a Resolución da Alcaldía núm. 361 do 18/04/2023, de corrección de erros da Resolución da Alcaldía núm. 356 do 17/04/2023

Unha vez vista a Resolución da Alcaldía núm. 365 do 19/04/2023, de corrección de erros da Resolución da Alcaldía núm. 356 do 17/04/2023

Unha vez vista a instancia presentada por Jose Luis Rapela Pérez, RE núm. 2023-E-RE-376 do 17/04/2023, na que achega o título universitario de arquitecto.

Unha vez vista a instancia presentada por Tamara Pereira Almeida, RE núm. 2023-E-RE-411 do 25/04/2023, na que achega o certificado de escolaridade.

Unha vez visto o certificado da Secretaría municipal incorporado ao expediente o día 2 de maio de 2024.

Unha vez examinada a documentación que acompaña e de conformidade co establecido no artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, as bases xerais e específicas dos procesos selectivos de estabilización, e o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, esta alcaldía, resolve:





Primeiro. Aprobar a seguinte relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

**Peón/peoa de obras:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Fernández Alves, Antonio, \*\*\*1400\*\*

Persoas excluídas: ningunha

**Auxiliar de xardinería:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Pérez González, Benjamín, \*\*\*1456\*\*

Calles Alonso, Brais, \*\*\*6532\*\*

Persoas excluídas: ningunha

**Auxiliares de axuda no fogar:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

González San Martín, Natalia, \*\*\*6809\*\*

Ferreira Docabo, María de los Ángeles, \*\*\*7765\*\*

Álvarez Rodríguez, Serafina, \*\*\*0727\*\*

Jaramillo Rosero, Lucrecia, \*\*\*6291\*\*

Ferreira Fernández, Armanda, \*\*\*9865\*\*

Rivas González, María José, \*\*\*1000\*\*

García Meneses, María del Carmen, \*\*\*4970\*\*

Álvarez Domínguez, Carmen, \*\*\*1534\*\*

Vázquez Pintor, María del Carmen, \*\*\*0142\*\*

Pereira da Costa, Ana Catarina, \*\*\*7730\*\*

Domínguez Taboas, María, \*\*\*7299\*\*

Alves Esteves, Almerinda, \*\*\*8170\*\*

Sabugueiro Oliveira, Jessica, \*\*\*7019\*\*

Rodríguez Rodríguez, María Luisa, \*\*\*2701\*\*

Persoas excluídas:

Apelidos e nome

DNI

Motivo

Apelidos e nome	DNI	Motivo
Pereira Almeida, Tamara	***1778**	Non acredita estar en posesión da titulación esixida ou de certificación acreditativa de estar en condicións de obtela



## Educador/a social:

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Almeida Fernández, María, \*\*\*1958\*\*

Cid Lorenzo, Angélica, \*\*\*9604\*\*

García González, María Cristina, \*\*\*7344\*\*

Persoas excluídas: ningunha

## Axente de emprego e desenvolvemento local:

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Araujo Fernández, Noelia, \*\*\*4506\*\*

Pillado Rozas, Paula, \*\*\*3774\*\*

López Teijeira, Marta, \*\*\*9602\*\*

Rioja Míguez, David, \*\*\*4546\*\*

Persoas excluídas:

Apelidos e nome

DNI

Motivo

Apelidos e nome	DNI	Motivo
Álvarez de Prado, Amparo	***0095**	Non acredita estar en posesión da titulación esixida ou de certificación acreditativa de estar en condicións de obtela

## Arquitecto/a:

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Zas Hernández, Roi, \*\*\*0163\*\*

Lorenzo Míguez, María Irene, \*\*\*7312\*\*

Malvarez Rodríguez, Xoan Carlos, \*\*\*6423\*\*

Reguera Seoane, Miguel, \*\*\*1889\*\*

Domínguez Tedín, María Meibel, \*\*\*8946\*\*

Rodríguez Fabello, Antonio, \*\*\*6806\*\*

Rapela Pérez, José Luis, \*\*\*5580\*\*

Persoas excluídas: ningunha

## Auxiliar de biblioteca:

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Barrio Barros, Cristina, \*\*\*3069\*\*



Grela Pena, María Belén, \*\*\*8909\*\*

Valiño Cid, Cecilia, \*\*\*8724\*

Rodríguez Velázquez, Roberto, \*\*\*5564\*\*

Ramos Pérez, Rosa, \*\*\*3913\*\*

Álvarez de Prado, Amparo, \*\*\*0095\*\*

Calles Alonso, Brais, \*\*\*6532\*\*

Rioja Míguez, David, \*\*\*4546\*\*

Persoas excluídas: ningunha

### **Peón/peoa de limpeza:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Gómez Alfonso, María del Carmen, \*\*\*073\*\*

Persoas excluídas: ningunha

### **Chofer rozadoira:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Álvarez Martínez, Jorge, \*\*9126\*\*

Persoas excluídas: ningunha

### **Socorrista:**

Persoas admitidas, por orde de presentación:

Apelidos e nome, DNI

Perdiz Álvarez, Miguel, \*\*\*6291\*\*

Persoas excluídas: ningunha

Segundo. Designar como membros do Tribunal que teñen que xulgar as correspondentes probas a:

Presidente: Manuel Valentín Pérez Nieto, adxunto ao xefe do Servizo de Recursos Humanos e Formación.

Secretaria: María Isabel Rodríguez Carrera, xefa da Sección de Subvencións.

Vogal: Carlos Castiñeiras Rois, xefe da Sección de Formación.

Vogal: Susana Viso Touza, traballadora social.

Terceiro. Publicar a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as, así como a composición do Tribunal de selección, na páxina web municipal deste concello, no taboleiro electrónico de anuncios da sede electrónica [<https://lobios.sedelectronica.gal/board>] e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense

Isto publícase, de conformidade co disposto no artigo 20 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e pro-





moción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer alternativamente ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación do presente anuncio, ante a Alcaldía deste concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, á súa elección, o que lle corresponda ao seu domicilio, se este radica na Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao de recibir esta notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer Vd. calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente ao seu dereito. A interposición do recurso non paralizará o proceso selectivo.

Lobios, na data da sinatura electrónica. A alcaldesa.

Asdo.: María del Carmen Yáñez Salgado.

**R. 1.481**





## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE MANZANEDA

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2023*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de quince días, durante os cales quen se consideren interesados/as poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes. A súa vez, estará a disposición dos/as interesados/as na sede electrónica do Concello de Manzaneda (Ourense).

Manzaneda, 4 de xuño de 2024. O alcalde.

Asdo.: Amable Fernández Basalo.

**R. 1.494**





## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE MELÓN

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023*

Unha vez formada, rendida e informada a Conta xeral do exercicio de 2023 pola Comisión Especial de Contas expónse ao público para que nun prazo de quince días, a partir do seguinte ao de publicarse o anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, co obxecto de que as persoas interesadas poidan examinala formular cantas alegacións consideren pertinentes durante o prazo de exposición pública e os oito seguintes, conforme o disposto no art. 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o art. 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da lei de facendas locais.

O alcalde.

**R. 1.486**





## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE MONTEDERRAMO

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023*

O 31/05/2024 reuníronse os/as membros da Comisión Especial de Contas do Concello de Montederramo en sesión ordinaria e acordaron ditaminar favorablemente a Conta xeral correspondente ao exercicio 2023.

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, expónse ao público a Conta xeral correspondente ao exercicio 2023, por un prazo de quince días, durante os cales quen se considere interesados/as poderán presentar reclamacións, reparos ou observacións que consideren convenientes. Á súa vez, estará ao dispor dos/as solicitados/as na sede electrónica deste concello:

<https://montederramo.sedelectronica.gal>

O alcalde. Asdo.: Óscar Diéguez González.

**R. 1.480**





## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE PORQUEIRA

#### *EXPOSICIÓN PÚBLICA DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2023*

Exposición pública da Conta xeral correspondente ao exercicio 2023

En cumprimento do artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, expónse ao público a Conta xeral correspondente ao exercicio 2023, unha vez informada pola Comisión Especial de Contas o 30/05/2024, por un prazo de quince días, durante os cales calquera persoa interesada poderá presentar as reclamacións, reparos e observacións que considere convenientes.

**R. 1.482**



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA

*CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE 1 AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, POR CONCURSO-OPOSICIÓN*

Convocatoria e bases de selección para a contratación laboral temporal dun/unha auxiliar de axuda no fogar.

Unha vez aprobadas as bases que rexerán a contratación por concurso-oposición dun/unha auxiliar de axuda no fogar en réxime laboral temporal a xornada completa, para cubrir as vacacións do persoal do servizo de axuda no fogar, publícase o resumo da convocatoria para o coñecemento xeral e chamamento ao concurso.

1 Número de prazas: 1.

2 Denominación: auxiliar de axuda no fogar.

3 Servizo: Servizo de Axuda no Fogar do Concello de San Cristovo de Cea.

4 Modalidade de contratación: contrato por circunstancias da produción, a tempo completo, 4 meses.

5 Sistema de selección: concurso-oposición.

6 Prazo e lugar de presentación das solicitudes: 3 días hábiles seguintes ao de publicarse este anuncio no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de San Cristovo de Cea, situado na Praza Maior, 1, 32130 Cea, San Cristovo de Cea, en horario de 9.00 a 14.00 horas, ou a través de calquera dos medios que establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

7 Bases: o texto íntegro das bases de selección está publicado no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de San Cristovo de Cea.

O alcalde. Asdo.: José Luís Valladares Fernández.

**R. 1.602**



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE TOÉN

*APROBACIÓN DEFINITIVA DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA, DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO N.º 1/2024*

Exp.: 341/2024

Quedou definitivamente aprobado, ao non se presentaren reclamacións durante o período de exposición ao público, o expediente de modificación orzamentaria, de crédito extraordinario e suplemento de crédito n.º 1/2024, dentro do Orzamento municipal do exercicio 2024, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión do 15/05/2024, polo importe de 30.436,24 €.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2 en relación co 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, publícase o resumo por capítulos do estado de gastos e de ingresos que, despois da modificación de créditos aprobada, presenta as contías que se detallan a continuación.

Contra a aprobación definitiva cabe interpor directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que contarán a partir do seguinte ao da publicación deste edicto no BOP; non obstante, a interposición de recursos non suspenderá por si soa a efectividade do acordo.

Estado de gastos		
Capítulo	Descrición	Consignación
Operacións correntes		
1	Gastos de persoal	609.867,96
2	Gastos correntes en bens e servizos	1.158.937,57
3	Gastos financeiros	16.676,73
4	Transferencias correntes	82.130,00
5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	0,00
Total operacións correntes		1.867.612,26
Operacións de capital		
6	Investimentos reais	613.322,74
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	25.898,32
Total operacións de capital		639.221,06
Total Orzamento de gastos		2.506.833,32



Estado de ingresos		
Capítulo	Descrición	Consignación
Operacións correntes		
1	Impostos directos	516.000,00
2	Impostos indirectos	26.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	383.000,00
4	Transferencias correntes	964.437,02
5	Ingresos patrimoniais	0,00
Total operacións correntes		1.889.437,02
Operacións de capital		
6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	569.604,06
8	Activos financeiros	47.792,24
9	Pasivos financeiros	0,00
Total operacións de capital		617.396,30
Total Orzamento de ingresos		2.506.833,32

Toén, na data da sinatura electrónica. O primeiro tenente de alcalde. (PD Decreto do 10/06/2024).

**R. 1.614**



## IV. ENTIDADES LOCAIS

### CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS

*DELEGACIÓN DAS COMPETENCIAS DO ALCALDE NUN CONCELLEIRO PARA CELEBRAR UN MATRIMONIO CIVIL*

Resolución de delegación da Alcaldía

Tendo en conta que se presentou unha solicitude para contraer matrimonio civil neste concello entre Manuel Kerpache Fernández e Leni dos Santos Gonçalves Barbosa, e que o Rexistro Civil do Barco de Valdeorras autorizou o matrimonio e delegou no alcalde ou concelleiro/a deste concello o seu oficio, segundo o establecido nos artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, 51 e 57 do Código civil, e 43 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, mediante o Decreto do 21 de agosto de 2023, resolvín:

1.º Delegar no concelleiro Juan Enrique Guntiñas Roo a competencia para oficiar o matrimonio civil entre Manuel Kerpache Fernández e Leni dos Santos Gonçalves Barbosa, que terá lugar na Casa Consistorial do Concello de Vilamartín de Valdeorras, ás 12.00 horas do día 7 de xuño de 2024.

2.º Notificarlle o presente acordo ao interesado para ou seu coñecemento e efectos.

3.º Publíquese o anuncio da delegación no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

4.º Infórmese o Pleno na primeira sesión que se realice.

Mándao e asíno o alcalde, Enrique Álvarez Barreiro.

Vilamartín de Valdeorras, 4 de xuño de 2024.

**R. 1.488**

